

AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

A corte literaria de Afonso X



Afonso X chegou ao poder pouco despois da unificación dos reinos de Castela e León e de que os territorios do reino se ampliasen considerablemente polo sur. Así, convivían baixo o seu dominio cristiáns de diferentes linguas, unha minoría xudía e unha poboación musulmana. O latín xa non era válido como idioma común e o monarca deulle un pulo decisivo ao castelán.

Así, fomentou a *Escola de Tradutores de Toledo*. Organizou a grupos de eruditos e escribas, xudeus, mouros e cristiáns, que prepararon edicións de obras importantes baixo a dirección persoal do monarca.

A obra promovida pola corte de Afonso X abrangue **o dereito** (*Libro de las Leyes* ou *Siete Partidas*), **as ciencias** (*Tablas alfonsíes*), **os xogos e o entretemento** (*Libro del axedrez e dados e tablas*) e **a historia** (*General Estoria*). Varios destes traballos foron tamén traducidos ao galego.

Se ben o castelán dominou a súa obra científica e histórica, o galego tomou forza nas composicións líricas de Afonso X.

Foi un destacado e fecundo poeta en lingua galega do período medieval. Durante o seu reinado, a lírica galega alcanzou o seu máximo esplendor, a pesar de que o rei prefería os modelos da lírica provenzal que traían os trovadores occitanos refuxiados na súa corte.



A autoría das *Cantigas de Santa María*

Afonso X non escribiu a totalidade das 427 composicións que forman as *Cantigas de Santa María*. Parece ser que foi autor dunhas dez e as restantes foron compostas polo seu equipo de colaboradores. O concepto de 'autor' aplicado ao monarca debemos entendelo a partir do seguinte texto:

«El Rey jaze un libro, non porque él escriba con sus manos, mas porque compone las razones dél, e las emienda, et regúa, et enderesça, et muestra la manera de cómo se deben fazer, des í escribelas que él manda, pero dezimos por esta razón que el Rey faze el libro».



Polo tanto, convén ter en conta o seguinte:

- Algunhas cantigas narrativas escribiunas o rei, como indican as frases *eu fige, que eu fiz* ou *que fiz*. Estas expresións funcionarían como unha especie de marca de autoría rexia, pois noutras cantigas aparecen expresións como *ordenei que se escrevera, quero que seja colocado...* que indican que foi o rei quen mandou escribilas. Tamén é posible que sexa da autoría do rei o conxunto das cantigas líricas dedicadas á Virxe.
- Na obra interviñeron varios trovadores, entre os que sobresaí o clérigo compostelán Airas Nunes.

- O rei coñecía a arte de trobar e dominaba o idioma galego, como se deduce das cantigas profanas que o consagraron como un dos autores máis importantes da nosa lírica medieval.
- Polo tanto, cando dicimos que Afonso X é o autor das *Cantigas de Santa María* referímonos a que, ademais, de escribir algunhas, foi o patrocinador da obra e o supervisor e coordinador do equipo que as elaborou (compiladores, tradutores, poetas, músicos e debuxantes).

Fontes e motivacións das *Cantigas de Santa María*


No proceso de elaboración das *Cantigas de Santa María*, Afonso X e os seus colaboradores utilizaron distintas fontes:

- Libros con lendas e milagres da Virxe.
- Lendas de tradición oral que narraban feitos marabillosos da Virxe.
- Sucesos presentados como episodios persoais do rei ou dos seus familiares en que a Virxe acudira a axudalos.

Os motivos polos que o rei mandou compoñer as *Cantigas de Santa María* foron:

• De tipo político:

- Para prestixiar a corte castelá como centro cultural e así ter máis méritos para conseguir a coroa do Sacro Imperio, que non chegou a obter.
- Para reforzar a ideoloxía e o modelo social do feudalismo cristián, fronte aos árabes e xudeus.
- Para restarlles influencia, riqueza e poder á cidade e á Igrexa de Santiago de Compostela -e, con iso, ao reino de Galicia, en favor da primacía de Toledo- desviando os peregrinos cara aos santuarios marianos.




Recreación do Toledo medieval

• De tipo relixioso:

- A devoción sincera do rei á Virxe, segundo se deduce deses episodios persoais citados máis arriba. Por exemplo, cando enfermou en Vitoria, sentíndose morrer, mandou que lle colocasen sobre o corpo o libro das *Cantigas de Santa María*.
- O afán de contribuír a espallar a devoción mariana, que en toda Europa viña medrando desde o século XI.





Códices conservados das *Cantigas de Santa María*

As *Cantigas de Santa María* consérvanse en catro códices diferentes, que proceden da corte do rei Afonso X: o códice Toledano, que está na Biblioteca Nacional de Madrid, dous códices conservados na biblioteca do mosteiro do Escorial, e un cuarto que se garda na Biblioteca Nacional de Florencia (Italia). Todos eles son pergameos e, aínda que en ningún deles figura a data da elaboración, parecen compostos na segunda metade do século XIII (entre os anos 1257 e 1283).

A condición rexia do seu promotor explica o luxo e a amplitude da colección, e a súa complexidade artística, pois, xunto co texto, levan notación musical e máis de 1.500 miniaturas de incalculable valor artístico e testemuñal.


Tipos de cantigas

O conxunto das 427 composicións que forman as *Cantigas de Santa María* poden agruparse en dúas clases: **cantigas narrativas** (*miragres*) e **cantigas líricas** (*loores*)

As cantigas narrativas

Son maioría (356) e relatan milagres atribuídos á Virxe, cunha clara intención didáctica. Cada unha consta das seguintes partes:

- Unha epígrafe ou '*razón*', que resume o contido da cantiga. Ás veces complementase cunha estrofa en que se detalla o que se vai contar ou se demanda a atención do público con expresións do tipo: *com'agora oyredes, se quixerdes escoitar, oydeo de grado, agora m'ascuitade, un miragre vos direy...*
- Un refrán, que condensa a ensinanza que se quere transmitir.
- As sucesivas estrofas, co refrán que se repite ao final de cada unha, que desenvolven o relato do milagre:



Recreación da Corte de Afonso X

Esta é de cómo Santa María fez viir las cabras montesas a Monsarranz, e se leixavan ordennar aos monges cada día.

*Mui gran dereit'é d'as bestias obedecer
a Santa María, de que Deus quis nacer.*

E dest'un miragre, se Deus m'anpar,
mui fremoso vos quer'ora contar,
que quisu mui grand'a Groriosa mostrar;
oydemio, se ouçades prazer;


Mui gran dereit'é das bestias obedecer...

En Monsarranz, de que ja vos contei,
á un'igreja, per quant'apres'ei,
feita no nome da Madre do alto Rei
que quis por nos morte na cruz prender.

Mui gran dereit'é das bestias obedecer...

O relato dos milagres tamén se axusta case sempre a un mesmo esquema:

- Introducción.
- Presentación do protagonista nun perigo ou loitando contra a tentación.
- Intervención sobrenatural da Virxe.
- Ensinanza moralizante e loanza final da Virxe.



As cantigas líricas

Loan as calidades da Virxe en termos moi parecidos a como os trovadores facían coas súas damas nas cantigas de amor profanas. Algún dos motivos que tratan son:

- O contraste entre o amor mundano e o amor divino.
- A contraposición entre Eva (o pecado) e María (a salvación).



- Os loores aos seus dons maternais e á súa capacidade de intercesión perante Deus ou o seu Fillo.
- A exaltación da súa figura como auxilio e socorro dos aflixidos.
- A glosa do significado das letras que forman o nome da Virxe.

*Enno nome de María
çinque letras, no máis, i ha.*

M mostra madr'e maior
e máis mansa e mui mellor
de quant'al fez Nostro Sennor
nen que fazer podería.

Eno nome de María...

A demostra avogada,
aposta e aorada,
e amiga e amada
da mui santa conpañía.

Eno nome de María...

R mostra ram'e raiz,
e reinn'e Emperadriz,
rosa do mundo; e fiiz
quen a visse ben seria.

Eno nome de María...

I nos mostra Jesocristo,
justo joiz, e por isto foi
por Ela de nós visto, según diso Isaia.


Eno nome de María...

A ar diz que haveremos
e que tod'acabaremos
aquelo que nós queremos
de Deus, pois Ela nos guía.

Enno nome de María

çinque letras, no máis, i ha.

Entre as cantigas líricas tamén se inclúe un grupo heteroxéneo de composicións como son *as cantigas das festas* -formado polo ciclo das *cinco festas de Nostro Señor* e as *cinco festas de Santa María*-, un cantar dos sete pesares que viu Santa María do seu Fillo e unha *maia*, que celebra a chegada da primavera.



As Cantigas de Santa María ábrense cunha especie de prólogo poético en que o rei declara a súa intención de cantar á Virxe coma se fose un trovador. Péchanse cunha petición na que lle solicita a recompensa (galardón) pola composición do libro.

A obra organízase conforme un esquema numérico invariable, como se fai no rezo do rosario: as composicións agrúpanse en series en que as nove primeiras son cantigas narrativas e a décima é de loor. No código simbólico medieval, o número 10 tiña o valor da perfección e da totalidade, identificadas coa divindade.

Temas das cantigas narrativas



Os temas que tratan as cantigas narrativas son moi variados e reflicten dun xeito realista costumes e tipos daquela época. Na Idade Media, os milagres estaban perfectamente integrados na vida cotiá e revelan a relación de familiaridade que as persoas tiñan co mundo sobrenatural. Así se explica a presenza de acontecementos extraordinarios (sorprendentes para a mentalidade actual), e aspectos da conduta da Virxe, que vistos desde unha estrita ortodoxia, resultan claramente blasfemos.

A través das situacións descritas é posible descubrir o tecido da sociedade medieval: oficios, enfermidades, tensións raciais, a vida oculta dos eclesiásticos e dos nobres, viaxes por terra e por mar, peregrinacións... Estas cantigas tamén nos presentan un cadro vivo de personaxes: nobres, cabaleiros, clérigos, monxas, mouros, xudeus, labradores, artesáns, comerciantes... Uns son inocentes e os outros, pecadores. Por todos eles intercede a Virxe, como un señor feudal que acode en defensa dos seus vasalos (*encomendados*) ou para protexelos das trampas do inimigo (o *demo*), o seu verdadeiro antagonista, que promove todos os males. Pola contra, a deslealdade e a desobediencia a Deus recibían sancións exemplarizantes. Nestes casos, a Virxe actúa como unha muller irada, celosa e vingativa.



Métrica e lingua das *Cantigas de Santa María*


As *Cantigas de Santa María* presentan unha importante variedade métrica, sobre todo nas cantigas líricas. Esta variedade está orixinada pola necesidade de adaptar o texto á melodía musical que as acompañaba. Para traspoñer os versos a formas aptas para o canto, recórrese a hipérbatos, a ousados encabalgamentos ou á partición de palabras, de xeito que unha das partes fragmentadas rime cos versos inmediatos:

*que non devía
da boa vía
que levaria-
nos u devía.*

Nas cantigas narrativas, o tipo de estrofa máis empregado é o *virelai* ou *zéjel*, unha estrofa de orixe hispano-musulmá, moi apta para o canto, que está formada por un refrán inicial (AA), tres versos monorrimos (bbb) e un verso final ou de «volta» en rima co refrán (a). As cantigas narrativas adoitan ter maior número de estrofas ca as líricas.

Os versos oscilan entre as 4 e as 17 sílabas. O tipo de verso máis utilizado é o de 14 sílabas, dividido por unha cesura en dous hemistiquios de 7 sílabas cada un.

A lingua ofrece maior variedade de rexistros (polos temas tratados e por un certo afán realista) e unha grande riqueza léxica, dotada de forte expresividade. Apenas se rexistran latinismos, castelanismos ou galicismos, pero son frecuentes os provenzalismos.



**Páxina das Cantigas de Santa
María con texto e notación
musical**